Estes acordos, que serán notificados pola ACSUG a cada solicitante, persoal e directamente, poñen fin á vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC), poderán ser obxecto de recurso en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

4. A través do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e no seu nome, o presidente, poderanse realizar ata dúas convocatorias anuais ordinarias de valoración previa á asignación dos complementos retributivos, sen prexuízo das convocatorias extraordinarias que se fagan, por causas excepcionais e debidamente motivadas, respectándose os requisitos formais e de tramitación previstos para as convocatorias ordinarias.

En cada convocatoria de valoración previa establecerase a data concreta na cal os solicitantes deberán ter cumprido o requisito establecido no artigo 6, puntos 1.3 e 2.3 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo.

Artigo 5º.-Asignación dos complementos polas universidades.

Os acordos de avaliación adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades. Os consellos sociais das universidades, por proposta do seus respectivos consellos de goberno, acordarán a asignación singular e individual dos referidos complementos, nos casos que proceda, dentro das modalidades e coas limitacións previstas no Decreto 55/2004, do 4 de marzo, que poderán ser impugnados polos interesados.

Cando, de conformidade co disposto no parágrafo anterior, se proceda á asignación dos referidos complementos, o pagamento das correspondentes retribucións farase con efectos do día seguinte ao da data que se estableza en cada convocatoria de valoración previa, á cal se fai referencia no punto 4, parágrafo segundo, do artigo 4º desta orde.

*Disposición derrogatoria*

Quedan derrogados os anexos I e II da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 24 de abril de 2006 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), establece no seu artigo 34.2º que o currículo das ensinanzas de formación profesional específica incluirá unha formación práctica obrigatoria nos centros de traballo e indica que as administracións educativas arbitrarán os medios para que as empresas e institucións se incorporen ao desenvolvemento destas ensinanzas.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no seu artigo 9 que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), de calidade da educación, non modifica a vixente ordenación xeral da formación profesional e confirma o carácter obrigatorio da formación práctica incluída no currículo das ensinanzas de formación profesional.

O Real decreto 362/2004, do 5 de marzo (BOE do 26 de marzo), no seu artigo 6, desenvolve as finalidades do módulo de formación práctica en centros de traballo.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional específica, así como as directrices sobre os seus títulos.

O Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG do 5 de novembro), que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e a actividade económico-financeira do orzamento destinado a prácticas en alternancia e á formación en centros de traballo.

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo; corrección de erros no DOG do 23 de xullo), pola que se regula o desenvolvemento, en réxime

ordinario e de adultos, dos ciclos formativos de formación profesional específica, e a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa a formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia, autorizan a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar a Resolución do 27 de xuño de 2005 (DOG de 8 de xullo), pola que se dan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica de cara ao curso 2005-2006, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que a formación práctica en centros de traballo ten un gran valor didáctico e pedagóxico por achegar o alumnado ao mundo sociolaboral no que se vai desenvolver a súa futura vida profesional, cómpre incluír este programa como unha das accións que hai que promover mediante o cofinanciamento do Fondo Social Europeo, como unha das iniciativas dos acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia.

En consecuencia co anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*DISPÓN:*

Primeiro.-Convocatoria.

Convocar axudas económicas, cofinanciadas nun 48,11% polo Fondo Social Europeo, para a realización da formación práctica en centros de traballo destinadas ao alumnado matriculado no derradeiro curso de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, de artes plásticas e deseño, de módulos profesionais experimentais e de programas de garantía social.

Segundo.-Requisitos.

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanzas concertadas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que estea cursando o derradeiro curso de:

-Un ciclo formativo de grao medio ou superior de formación profesional específica.

-Un ciclo formativo de grao medio ou superior de artes plásticas e deseño.

-Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais.

-Un módulo profesional experimental de nivel II.

-Un programa de garantía social.

2. O período de formación práctica en centros de traballo débese realizar entre o 1 de setembro de 2005 e o 31 de agosto de 2006.

Terceiro.-Solicitudes.

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a seguinte documentación:

-Solicitude normalizada segundo o anexo I desta orde.

-Certificación expedida pola entidade bancaria, en que consten os datos da entidade e o código da conta en que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

-Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes, de acordo co previsto no artigo 8.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Copia do DNI.

Cuarto.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes, xunto co resto da documentación requirida, poderase presentar no centro onde o alumnado estea ou estiver matriculado no momento de realizar a formación en centros de traballo.

Quinto.-Orzamento.

1. O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 09.03.322S.480.2 dentro do exercicio orzamentario do ano 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ata un importe máximo de 2.750.000 euros (dous millóns setecentos cincuenta mil euros). Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2006.

Se a contía total da suma das solicitudes superase o crédito de que se dispón, queda autorizada a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para axustar os importes solicitados por cada solicitante, de xeito que a suma total dos importes de todos os solicitantes de Galicia non supere a contía do crédito dispoñible.

Sexto.-Contía das axudas.

O cálculo da contía para cada alumno estará en función do número de xornadas formativas que lle corresponda realizar, multiplicado polo importe da xornada (tramos abaixo sinalados), tendo en conta a distancia existente entre a empresa e o domicilio habitual do alumno durante a realización da formación en centros de traballo, segundo o seguinte baremo:

| Tramo | Concepto | Importe por xornada en euros |
|---|---|---|
| 1 | Menos de 15 km | 4 |
| 2 | Entre 16 e 30 km | 6 |
| 3 | Entre 31 e 50 km | 8 |
| 4 | Máis de 50 km | 11 |

-O número mínimo de xornadas que se deben realizar para percibir esta axuda será de dez. O límite máximo de xornadas que se considerarán calcularase da seguinte forma:

a) Para o alumnado de ciclos formativos e módulos profesionais experimentais de formación profesional

de réxime xeral, o número de xornadas obterase de dividir entre oito o número de horas do módulo de FCT que lle corresponda realizar.

b) Para o alumnado de ciclos formativos das familias de artes plásticas e deseño, o número de xornadas obterase dividindo entre cinco o número de horas do módulo de FCT que lle corresponda realizar.

c) Para o alumnado de programas de garantía social que curse a modalidade de formación educativa e profesional que se desenvolverá integramente no centro educativo, (modalidade A), será de 23. Para o alumnado que curse estes programas na modalidade de iniciación profesional que desenvolverá a parte práctica integramente nun centro de traballo, (modalidade B), será de 50. En ambas as modalidades a xornada computarase a razón de oito horas.

d) Para o alumnado que realice a FCT en xornada de horario flexible, segundo o artigo vixésimo terceiro punto 7 da Resolución do 27 de xuño de 2005, o máximo de xornadas será o correspondente ás do ensino que se curse e só será posible acollerse á orde de axudas que regule o período inicial das súas prácticas, se estas se prolongan ao longo de máis dunha convocatoria de axudas.

-Para calcular a distancia existente entre distintos concellos, tomarase como referencia o cadro de distancias quilométricas por estrada, obtido a partir do mapa oficial de estradas do Ministerio de Fomento.

-En ningún caso poderá ser aplicado simultaneamente máis dun tramo para un mesmo solicitante nunha mesma empresa.

- Os solicitantes percibirán axuda por un só período de realización de FCT por ensino realizado no ámbito temporal de vixencia da presente orde.

Sétimo.-Documentación que tramitarán os centros.

Os centros educativos utilizarán para a xestión destas axudas as aplicacións informáticas que determine e subministre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, proporcionarán á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais todos aqueles documentos ou datos previstos na presente orde, nas distintas normas reguladoras do desenvolvemento da FCT ou en instrucións remitidas aos centros.

1. A dirección do centro trasladará os datos cargados na aplicación informática oficial FCT-Xade á páxina web http://www.edu.xunta.es/FCTWeb, da cal se obterá unha listaxe provisional de todo o alumnado que solicitase axuda no seu centro. Esta listaxe provisional de solicitantes, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, asinada polo director e polo secretario, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. O alumnado tamén o poderá consultar na páxina web http://www.edu.xunta.es/FCTWeb.

2. O centro abrirá un prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á data de publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos solicitantes.

3. Rematado o prazo de reclamación, a dirección do centro resolveraas, cargará as posibles modificacións xurdidas no FCT-Xade, trasladará os datos á web indicada no punto 1 deste artigo e elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes que será emitida a través dela, e que deberá asinar o director e o secretario.

4. O centro, a través do coordinador de FCT, marcará a finalización da formación en centros de traballo de todos os alumnos solicitantes, excepto no caso dos alumnos que estean facendo prácticas nos meses de xullo e agosto coa autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e elaborará unha certificación, que deberá asinar o director e o secretario, onde conste a relación do alumnado que realizou prácticas, cos importes que lle corresponda a cada un (descontados os días lectivos que non asistiron ao centro de traballo) e co total.

Oitavo.-Envío de documentación.

A dirección do centro enviará á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a seguinte documentación en papel:

-Listaxe definitiva asinada.

-Certificación de realización e finalización da formación en centros de traballo asinada polo director e o secretario.

-Solicitudes orixinais (anexo I), declaracións xuradas (facilitadas pola aplicación FCT-Xade), certificacións bancarias e copia do DNI de cada alumno solicitante.

Esta documentación será enviada polo centro á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, dentro dos dez días naturais seguintes ao remate do prazo de reclamacións.

Noveno.-Comisión de selección.

1. Para a adxudicación das axudas establecerase unha comisión de selección integrada por:

-O subdirector xeral de Formación Profesional, que actuará como presidente.

-O xefe do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional.

-Catro inspectores de institutos de educación secundaria, un por cada provincia, por proposta do delegado provincial.

-Catro directores de centros educativos con formación profesional, un por provincia, por proposta do inspector xefe.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Os membros da comisión de selección poderán percibir asistencias, axudas para gastos e de locomoción por concorrer ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo.-Adxudicación das axudas.

A comisión de selección das axudas, á vista das listaxes definitivas de solicitantes e do crédito dispoñible, elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda.

Décimo primeiro.-Comunicación.

Mediante resolución da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria publicarase anuncio da exposición das listaxes definitivas dos beneficiarios, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non se ditar resolución expresa no prazo de seis meses a contar a partir do último día de presentación de solicitudes.

Décimo segundo.-Pagamento das axudas.

As axudas efectuaranse nun só pagamento directamente ao solicitante, a través da conta bancaria aberta a nome do beneficiario.

O beneficiario presentará no centro e no momento da finalización da FCT unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

No caso do alumnado que xa rematase a FCT no momento de solicitar a axuda soamente presentará a declaración a que fai referencia o punto terceiro desta orde.

O beneficiario está obrigado a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Para o non establecido especificamente na presente orde, haberá que aterse ao disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como no Decreto 284/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo terceiro.-Desenvolvemento da formación en centros de traballo.

Con carácter xeral o desenvolvemento das prácticas en centros de traballo para o curso 2005-2006 realizarase de acordo co regulado para a formación en centros de traballo na Resolución do 27 de xuño de 2005 (DOG do 8 de xullo).

Décimo cuarto.-De acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 1159/2000, da Comisión do 30 de maio de 2000 (DO L 130, do 31 de maio), os centros colaboradores tomarán as medidas oportunas para informar os beneficiarios de que as axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Décimo quinto.-Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Décimo sexto.-A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades ás que houber lugar.

Décimo sétimo.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento.

Décimo oitavo.-O beneficiario está obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Décimo noveno.-O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Vixésimo.-Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Vixésimo primeiro.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para desenvolver o disposto nesta orde, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación
e Ordenación Universitaria

*ANEXO I*

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

***FONDO SOCIAL EUROPEO***

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS ECONÓMICAS PARA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABALLO*** | ***ED202A*** | ***SOLICITUDE*** |

**DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A**

| | | | |
|---|---|---|---|
| APELIDOS | NOME | NIF | |
| ENDEREZO | LOCALIDADE | CONCELLO | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO CON PREFIXO | DATA DE NACEMENTO |

**ESTUDOS QUE SE REALIZAN E AXUDA QUE SOLICITA**

| | |
|---|---|
| CÓDIGO DA ESPECIALIDADE, MÓDULO OU CICLO FORMATIVO | DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE, MÓDULO OU CICLO FORMATIVO |

| DENOMINACIÓN COMPLETA DA ENTIDADE COLABORADORA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA |
|---|---|---|---|
| 1 ______ | 1 ______ | 1 ______ | 1 ______ |
| 2 ______ | 2 ______ | 2 ______ | 2 ______ |
| 3 ______ | 3 ______ | 3 ______ | 3 ______ |

| DISTANCIA | CONTÍA XORNADA € | Nº XORNADAS | IMPORTE TOTAL AXUDA |
|---|---|---|---|
| 1 ______ | 1 ______ | 1 ______ | |
| 2 ______ | 2 ______ | 2 ______ | |
| 3 ______ | 3 ______ | 3 ______ | |

**DATOS DO CENTRO EDUCATIVO EN QUE ESTÁ MATRICULADO**

| | | | |
|---|---|---|---|
| CÓDIGO DO CENTRO | DENOMINACIÓN DO CENTRO | TELÉFONO CON PREFIXO | |
| ENDEREZO | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA |

**DATOS BANCARIOS E CÓDIGO DA CONTA DO ALUMNO**

| ENTIDADE | OFICINA | DC | | Nº DE CONTA |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

Conta ou cartilla e entidade onde desexa percibir a axuda. O solicitante deberá ser necesariamente titular ou cotitular da conta; non esqueza achegar certificación a este respecto da entidade bancaria.

Don / Dona ______________________ (*) director do centro / inspector da provincia ______________ certifico: que o alumno está matriculado neste centro e nos estudos para os que solicita axuda e que os datos que figuran neste impreso foron cotexados cos documentos correspondentes. Así mesmo, reúne todos os requisitos establecidos na Orde do ______________. En consecuencia, está conforme coa presente solicitude.

(*) O/a director / O inspector

(*) Nos centros públicos, a conformidade do director do centro.
Nos centros privados con ensinanzas concertadas, o inspector correspondente.

Selo

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 24 de abril de 2006 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---|---|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| | DATA DE ENTRADA / / |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE EFECTOS / / |
| | DATA DE SAÍDA / / |

*Director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais*

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 24 de abril de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a asociacións de comerciantes e outras entidades sen fins de lucro, para actuacións dirixidas á incentivación da demanda no ámbito do comercio retallista, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.*

O Plan de renovación e mellora do comercio galego inclúe un programa de impulso do asociacionismo comercial, no cal se establecen medidas para a incentivación da demanda comercial. Potenciar a implantación de novas fórmulas de distribución comercial desenvolvidas polos comerciantes, mellorar a loxística do comercio, así como acadar unha imaxe máis competitiva do comercio galego polo miúdo, teñen unha relevancia determinante para lle dar resposta, pola vía do asociacionismo, á renovación comercial cando supera o ámbito das solucións individualizadas para os propios comerciantes.

Polo tanto, establécense nesta orde unha serie de axudas dirixidas a asociacións de comerciantes e outras entidades sen fins de lucro coa finalidade de contribuír, a través delas, á renovación e desenvolvemento do comercio galego, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que inclúe a oportuna consignación na aplicación 10.05.521-A.780.2.

En virtude do exposto e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Constitúen o obxecto destas axudas as actuacións dirixidas á incentivación da demanda comercial no ámbito do comercio polo miúdo que faciliten o desenvolvemento de estratexias para a mellora da distribución, loxística e promoción comercial.

2. Poderán acollerse ás ditas axudas as asociacións de comerciantes, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben calquera outra entidade representativa das pequenas e medianas empresas comerciais, sen fins de lucro, que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia no ámbito comercial.

3. Cando o peticionario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas deberanse facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que aplicará cada unha delas, que terán igualmente a consideración de beneficiarias. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

4. O peticionario non poderá estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Será incompatible a presentación de expedientes de subvención polo mesmo solicitante para a percepción de axudas recollidas nesta orde, e na Orde do 26 de abril de 2006 para actuacións de desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e os eixes comerciais das vilas e cabeceiras de comarca, de acordo cos obxectivos fixados no plano de renovación e mellora do comercio galego.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. Son actividades subvencionables:

a) Estudos de mercado realizados por empresas especializadas e plans de acción, acompañados pola documentación que avale o equipo de investigación, currículo e experiencia.

b) Publicidade que responda a un plan de medios preestablecido, orzamentado e dimensionado o ámbito de influencia da entidade solicitante.

c) Edición e impresión de folletos, carteis, produción de anuncios e elementos análogos, xustificado e dimensionado o ámbito de influencia da entidade solicitante.

d) Promoción de vendas, animación comercial e escaparatismo.

e) Potenciación de fórmulas de comercio tradicional, especialmente en áreas rurais.

f) Actuacións que teñan por finalidade a mellora da distribución e desenvolvemento loxístico da actividade comercial.

2. Non terán a consideración de subvencionables, para cada unha das accións realizadas, os seguintes conceptos:

a) Investimentos relativos a adquisición de bens inmobles e/o seu mantemento e aluguer de locais.

b) Custos de contratación de persoal.

c) Custos de *mailings*, mostras, regalos promocionais e os relativos á celebración de cócteles e actos análogos.

d) Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

3. As actuacións subvencionables comprenderán as executadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite de presentación da xustificación da axu-